



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

## **DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA XOVES 22 DE XULLO DE 2021.**

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 419/2019, do 18 de xuño,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: xoves 22 de xullo de 2021.
- ➔ Hora: 10:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 8 DE XULLO DE 2021.
2. TRANSMISIÓN DO TÍTULO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO DEREITO FUNERARIO SOBRE AS SEPULTURAS 143, 144, 244 E 245 DO CEMITERIO MUNICIPAL DA AVENIDA DA ESTACION.
3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUNHA TRITURADORA DE RAMAS, EXPTE. 18/2021-SUB-CM.
4. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.
5. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 12/2021.
6. APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA CREADO NA LEI 9/2010, DE 4 DE NOVEMBRO, DE AUGAS DE GALICIA, E COEFICIENTE DE VERTEDEURA E SANEAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2021 (ABRIL A XUÑO).
7. LIQUIDACIÓN EN CONCEPTO DE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO A DON JOSÉ CAEIRO RAJOY PARA A REFERENCIA CATASTRAL 8017149NH2371N0003IO.
8. ALTA DE LIQUIDACIÓN EN CONCEPTO DE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO A DON JOSÉ VICENTE REGUEIRA MIGUÉNS PARA A REFERENCIA CATASTRAL 7524716NH2372S0035DA.
9. LIQUIDACIÓN EN CONCEPTO DE TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO A DON HÉCTOR CRUCES SAAVEDRA PARA REFERENCIA CATASTRAL 002403100NH23D0000SR.
10. CORRECCIÓN DE ERROS DETECTADOS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO PUNTO 12 DA ORDE DO DÍA DA SESIÓN REALIZADA O 10 DE XUÑO DO 2021.
11. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE DESESTIMENTOS DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN.
12. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN.

13. PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira